

Texto: **XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ 'OLI'**  
Ilustracións: **RAMÓN TRIGO**

Encadernado en cartoné.  
40 páxinas a toda cor. 22x22 cm.  
Dispoñible en:

- Galego: "O pirata pata de lata"  
Demademora. ISBN 978-84-8464-679-2
  - Castelán: "El pirata pata de lata"  
Libros para Soñar. ISBN 978-84-96388-73-4
- Prezo: 13 €



## O PIRATA PATA DE LATA

**A este feroz pirata chámalle Pata de Lata.  
Non é torto nin virollo, mais leva un parche nun ollo.  
Leva tamén unha espada, algo torta e moi fanada.**

Chegan novas de que "O pirata pata de lata" deixa o seu retiro e volve á carga con enerxías renovadas, tratando de incordiar a cantos atope ao seu paso, sexan de carne e óso, ou simples espíritos. Porque o ancho mar xa non é o que era e a este buceiro revoltoso resúltalle cada vez máis complicado dar cun contrincante á altura das boas pelexas de antano, sable en ristre. Os soños resultan ser o mellor refuxio onde dar renda solta ás súas ansias belicosas: durmir 'a pata de lata' solta proporcionalle momentos de gloria, imaxinando múltiples batallas nas que, curiosamente, el sempre resulta vencedor.

Un relato para primeiros lectores, divertido e inxenioso. Os seus versos evocan un mundo mítico e transportan o lector aos escenarios onde transcurren as rimas de Espronceda ou as aventuras de 'A illa do tesouro' de Stevenson. As ilustracións, que mesturan a técnica do collage con materiais como tinta e acuarela, contribúen a crear esa atmosfera intrépida e exótica.

### **XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ** (Cangas, 1960)

Profesor de Educación Infantil, escritor e especialista en literatura infantil. É coordinador editorial de FAKTORÍA K DE LIBROS e co-director da colección SeteLeguas, de KALANDRAKA. Entre outros títulos, é autor das obras tituladas "Once damas atrevidas" e "Un problema grande", publicadas por KALANDRAKA. Tamén colaborou con outras editoriais como Xerais e Ir Indo.

### **RAMÓN TRIGO** (Vigo, 1965)

Con 18 anos publicaba os seus traballos como ilustrador e debuxante de cómic en xornais e revistas especializadas. As súas primeiras obras pictóricas datan de 1986; dende entón realiza exposicións e ilustra libros para varias editoriais, como Xerais, Ir Indo, Edelvives, KALANDRAKA ou FAKTORÍA K; nesta última publicou a obra "As luces que se acenden e se apagan". Traballou en Alemaña, Francia e Portugal. Ao longo da súa traxectoria recibiu numerosos galardóns, como o segundo premio Eixo Atlántico de pintura e -máis recentes- o premio do II Concurso Internacional Álbum Infantil do Cabildo de Gran Canaria e o Premio Internacional de Álbum Ilustrado Cidade de Alicante. Durante 2005 expuxo no Parlamento Europeo de Bruxelas a serie "Mar de fondo".



- **Temática:** as aventuras dun buceiro
- **Idade recomendada:** a partir de 4 anos
- **Aspectos destacables:** texto rimado, humor, recreación do estereotipo do pirata